

PROXECTO EDUCATIVO

CEP Campolongo

REVISIÓN Nº:1
DATA:16.5.2023

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 16.5.2023

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 16.5.2023

DATA 1ª REVISIÓN: 2027

DATA 2ª REVISIÓN:

TÁBOA DE CONTIDO

1. CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
1.1. Resumo histórico.....	3
1.2. Situación xeográfica, socioeconómica e cultural da contorna.....	4
1.3. Características do alumnado.....	5
2. VALORES, FINS E PRIPORIDADES DE ACTUACIÓNS.....	5
3. O CENTRO.....	6
3.1. Instalacións6	
3.2. Horarios xerais do centro7	
3.3. Área de influencia e centros adscritos	Error! Marcador no definido.
4. OFERTA EDUCATIVA8	
4.1. Etapas educativas8	
5. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS8	
5.1. Comedor e Plan Madruga8	
5.2. Transporte escolar8	
6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES9	
7. ESTRUCTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA9	
8. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAIIS DO ENTORNO10	
9. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO10	
10. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO11	

1. CONTEXTUALIZACIÓN

1.1. RESUMO HISTÓRICO

No ano 1972, o Ministerio de Educación e Ciencia, dentro do “**Plan de Urgencia para Galicia 1972**”, a través da "Junta de Construcciones, Instalaciones y Equipamiento Escolar", aproba a construción dun Centro Escolar en Campolongo, para impartir a Educación Xeneral Básica (EXB). A capacidade prevista para este centro é de **16 unidades**. O Ministerio responsabiliza, como Director da construción, a D. Ramón Estalella e Manso de Zúñiga.

O día 1 de marzo do ano 1972 comezaron as obras de construción do edificio que axiña se converterá nun **centro piloto**, destinado a introducir ensinanzas e experiencias innovadoras no ámbito da educación primaria. **A data do remate das obras foi o 30 de setembro de 1972.**

O primeiro curso escolar foi en 1973/74 como centro experimental (CEP), cunha distribución dos espazos adaptados para impartir sesións en macrogrupos para tratar temas xerais e cunha metodoloxía propia, impulsada pola súa primeira **directora teresiana, D^a María Jesús García Sánchez**, quen pretendía introducir ao noso centro escolar a filosofía que tiñan no **Colexio Somosaguas de Madrid**, considerado como un dos máis vangardistas da época. Esta filosofía foi apoiada polo inspector da época D. Federico Cifuentes Pérez e baseábase en parte nos **Principios Pedagóxicos da Educación Personalizada** que defendía e promovía D. Victor García Hoz.

Ao longo da súa posta en marcha, o centro contou con **profesorado provisional en servizos especiais**, a gran maioría mestres e mestras xoves e procedentes dos recentes renovados plans de estudo do Maxisterio, ata que no ano **1977, incorpóranse ao centro os cinco primeiros profesores/as definitivos/as** que obtiveron a súa praza no concurso de traslados, para logo no **1978 incorporarse dezaseis novos profesores definitivos** e cesando nos seus postos os provisionais. A partir desta data e ata a actualidade, o persoal do centro foise consolidando con profesores definitivos con contrastada experiencia, derivada da necesidade de ter moitos puntos de experiencia laboral para poder achegarse ás solicitadas prazas no centro da cidade.

Unha mostra do vangardismo do centro era a utilización xa no ano 1974 das novas tecnoloxías aplicadas á educación, impartíndose clases prácticas en circuíto pechado de televisión e comezando a traballar con ordenadores no centro.

Despois da Lei do 70 e coa posta en marcha da LOGSE, o centro funciona **cunha liña de Educación Preescolar** de tres anos, outra para catro e outra para cinco anos, xuntamente con tres liñas para toda a EXB, chegando incluso a catro liñas durante máis de 10 anos, o que supoñía unha matrícula de case mil alumnos. Para solucionar o problema da liña 4 optouse por eliminar a liña de preescolar do centro e coller só as 3 liñas de infantil do colexio anexo ao noso, a EEI Crespo Rivas. **Rematou o proceso de preescolar no curso 2012-13, pasou de ser un CEIP a ser un CEP**. Actualmente só hai un nivel de liña catro, sendo os demais de liña tres.



1.2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA, SOCIOECONÓMICA E CULTURAL DA CONTORNA

O colexio está localizado no Barrio de Campolongo, en Pontevedra, un dos máis modernos da cidade, formando parte do parque de Campolongo, cunha longa historia pola súa relación coa antiga Estación Vella do Ferrocarril, co Río dos Gafos, cos seus Muíños, Pontes, Lavadoiros, Cuartel Militar, etc.



Actualmente funciona como un CEP (Centro de Educación Primaria) de liña tres e cunha matrícula arredor dos 451 alumnos/as e 34 mestras e mestres, incluíndo dous mestres especialistas en Educación Física, unha mestra en Educación Musical, catro en Linguas

Estranxeiras (tres de Inglés e un en Francés) e tres de Relixión (unha delas pertencente ao Claustro e dous compartindo docencia con outros centros). Conta tamén con especialistas en Audición e Linguaxe, Pedagogía Terapéutica, Orientadora, ademais dos servizos dunha coidadora para atender alumnos/as con necesidades educativas especiais.

O noso centro nítrese **do anexo centro adscrito EEI Crespo Rivas**, separado só por un enreixado e **compartindo o comedor** localizado no CEP Campolongo. O alumnado, unha vez rematada a Primaria, ten como centro adscrito para facer a ESO e o Bacharelato o **IES Sánchez Cantón**.

A actividade educativa do centro vese complementada co traballo da Asociación de Nais e Pais (ANPA) que conta cunha cifra próxima ao 90% de asociados.

1.3. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

O alumnado, neste momento 451 nenos e nenas, procede no 95% do centro da cidade. O 5% restante é de zonas pretas, fóra da área de influencia.

É alumnado que vai dende os 6 aos 12 anos de idade, podendo haber algún alumnado de 1 ou 2 anos máis por seren repetidores.

O nivel socio-económico das familias é medio, medio-alto, cunha alta expectación educativa e a lingua vehicular do alumnado é o castelán.

Nos últimos anos se está a producir unha matriculación cada vez maior de alumnado estranxeiro, de orixe marroquí, chinés e suramericano.

Observamos que cada curso hai máis alumnado con necesidades educativas, ben de apoio educativo coma especiais. Aínda que o centro conta con especialistas en AL (unha definitiva e outra compartida) e PT (dúas definitivas e un provisional) para dar resposta a todo ese alumnado que presenta dificultades, non son suficientes para atendelos nas sesións que necesitan quedando así o traballo incompleto ou, incluso, alumnado sen poder ser atendido.

2. VALORES, FINS E PRIORIDADES DE ACTUACIÓNS

TIC

O noso centro sempre foi pioneiro nas TIC, contando cunha aula de informática xeral e outra para as Linguas Estranxeiras, aínda que esta última xa non se emprega coa entrada do proxecto E-Dixgal no 3º ciclo, no que o alumnado dispón dun ordenador cada un. O profesorado está en continua formación a través dos PFPPs, ofertados polo CFR ou solicitados por nós. A isto engadimos que formamos parte do Plan Dixital e que o profesorado ten un bo nivel nas TIC, manexando tamén a Aula Virtual onde semanalmente ou quincenalmente sube o seu Diario de Aula para dar unha resposta educativa axeitada ao alumnado incluso na súa ausencia puntual. A nosa páxina web está en continuo crecemento, poñendo información actualizada en cada momento e conservando arquivos pasados importantes, así como os diferentes blogs.

Atención á diversidade do alumnado

Esta é personalizada e respectuosa, adaptada ás características e necesidades de cada alumno ou alumna. Non existen barreiras arquitectónicas para o acceso ao primeiro andar xa que dispoñemos dun ascensor dende este curso.

Centro aberto á contorna

O noso centro colabora coa ANPA San Xosé, a FANPA, diferentes clubs deportivos e entidades (ONCE, CCOO, etc.), que o necesiten puntualmente, poñendo á súa disposición as instalacións. Adoita ser unha sede para as oposicións de mestres e mestras.

Fomento da autonomía

Dende 1º se traballa a autonomía no noso alumnado, proporcionándolle as ferramentas e rutinas necesarias para acadar este obxectivo, engadindo cada curso un paso máis. Ao comezo se solicita a colaboración das familias, especialmente no primeiro curso que é a etapa de transición da Educación Infantil á Primaria.

Comunicación

O profesorado está en constante coordinación e comunicación entre os mesmos o que facilita o deseño de actividades, saídas, planificación das clases, etc. Fanse reunións xerais cada dúas semanas para comunicar acontecementos, ideas, propostas, suxestións e traballos importantes.

3. O CENTRO

3.1. INSTALACIÓNS

As instalacións contan cunha superficie aproximada de 3.500 m², distribuídas da seguinte maneira:

- a) Edificio de Dirección-Administración cos despachos de: Dirección, Xefatura de Estudos e Secretaría; despacho da ANPA, Aula de Informática, Sala de Mestres e Mestras e Conserxería.
- b) Edificio con dezanove aulas de Educación Primaria, Titorías por niveis, aulas de P.T., aula de A.L., Departamento de Orientación, Aula TIC de Idiomas, Sala de Usos Múltiples, Almacén e Biblioteca.
- c) Edificio anexo utilizado como comedor. Antes eran 3 aulas de Educación Infantil.
- d) Edificio para Actividades Deportivas (Pavillón e Patio Cuberto).
- e) Vivenda do Conserxe (actualmente utilizada como almacén).
- f) Parque infantil.
- g) Patios de recreos e deportes.
- h) Pistas polideportivas exteriores de uso compartido cos veciños e veciñas da cidade.

3.2. HORARIOS XERAIS DO CENTRO

O horario lectivo do centro é de 9.00 a 14.00 horas, de luns a venres.

O martes pola tarde é de 16.30 a 18.30 h para as reunións do profesorado, e de 18.30 a 19.30 h para a atención ás familias.

Os luns, mércores e xoves haberá gardas de 16.30 a 18.30 h para atender a Biblioteca e as Actividades Extraescolares da ANPA.

3.3. ÁREA DE INFLUENCIA E CENTROS ADSCRITOS

Segundo a Resolución da Xefatura Territorial, en virtude do artigo 3.3. do Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, a zona de influencia do noso centro queda formado polas seguintes rúas:

Avda. da Raíña Vitoria Uxía (ámbalas dúas beirarrúas) ata Rúa Rosalía de Castro.
Rúa Rosalía de Castro (dende Avda. da Raíña Vitoria Uxía ata Rúa Oliva) (beirarrúa leste).
Rúa Oliva (ata Rúa García Camba) (ámbalas beirarrúas).
Rúa García Camba (excluída).
Rúa Andres Muruais (ámbalas dúas beirarrúas).
Rúa Andrés Mellado (ámbalas dúas beirarrúas).
Rúa Peregrina (dende intersección con Rúa Andrés Mellado) (beirarrúa suroeste).
Rúa Avda. de Vigo (ata intersección con Rúa Germán Adrio) (beirarrúa suroeste).
Rúa Germán Adrio (beirarrúa sur).
Rúa Gorgullón (ámbalas dúas beirarrúas).
Río Gafos (dende intersección con Rúa Estación ata glorieta Avda. María Victoria Moreno con Avda. de Vigo) (**NOTA:** o edificio da Avda. de Vigo que dá a esta glorieta está incluído).
Avda. María Victoria Moreno (beirarrúa norte).
Avda. Manuel de Palacio (beirarrúa norte).
Avda. de Marín (dende Avda. Manuel de Palacio ata Rúa San Roque).
Rúa San Roque (beirarrúa leste).

Son áreas limítrofes deste centro as áreas de influencia dos centros: CEIP Plurilingüe Froebel, CEIP Plurilingüe Praza de Barcelos, CEIP Álvarez Limeses, CEIP de Cabanas e CEIP San Martiño.

Non se considera zona limítrofe o Concello de Poio.

O noso centro non conta con criterio complementario de admisión.



(deseño aproximado)

O centro está adscrito ao **IES Sánchez Cantón** e ten adscrita a **EEl Concepción Crespo Rivas**.

4. OFERTA EDUCATIVA

4.1. ETAPAS EDUCATIVAS

A etapa educativa ofertada é a **Educación Primaria**.

Actualmente contamos con 3 niveis de 1º, 2º e 3º (25 alumnos por clase); 4 niveis de 4º (21, 23, 22 e 18 alumnos por clase); 3 niveis de 5º (25, 25 e 22 alumnos por clase) e 3 niveis de 6º (24 alumnos por clase).

5. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

5.1. COMEDOR E PLAN MADRUGA

O noso centro dispón de Comedor e de Plan Madruga ofertada pola FANPA.

O Plan Madruga comeza ás 7.30 h ata as 9.00, coincidindo co horario de entrada. Pode ser sen almuerzo ou con almuerzo, que é proporcionado pola empresa de catering *Arume*. Esta mesma empresa faise cargo da comida do Comedor, espazo compartido co alumnado da EEl Crespo Rivas, que comezan a súa quenda antes que o noso alumnado. O servizo de Comedor é de 14.00 h a 16.30 h.

5.2. TRANSPORTE ESCOLAR

O noso centro non ten transporte escolar.

6. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

A *ANPA San Xosé de Campolongo* é a que organiza as actividades extraescolares de luns a xoves, en horario de 16.30 h a 18.30 h.

Entre estas actividades están: patinaxe, taek-won-do, fútbol, baloncesto, esgrima, teatro, ximnasia rítmica, música, atletismo e informática.

A *FANPA* oferta a actividade de Inglés e Ábaco (na mesma franxa horaria que as actividades da ANPA), e TDAH (fóra dese horario).

Hai actividades deportivas de clubs alleos en horario que abrangue de 18.30 h a 22.30 h, como son patinaxe, taek-won-do e ximnasia rítmica.

7. ESTRUCTURA FUNCIONAL E ORGANIZATIVA

Catálogo do centro:

- Profesorado de Educación Primaria: 17
- Especialistas en Inglés: 3
- Especialistas en Francés: 1
- Especialistas en Ed. Musical: 1
- Especialistas en EF: 2
- Especialistas en Relixión: 1
- Especialistas en PT: 2
- Especialistas en AL: 1

Órganos de goberno unipersoais:

- Director/a, Xefe/a de Estudos e Secretario/a

Órganos colexiados:

- Claustro : todo o profesorado
- Consello Escolar: Director/a (que é o/a president/a), Xefe/a de Estudos, Secretario/a (con voz pero sen voto), cinco mestres/as, 5 pais/nais (1 representante da ANPA), 1 PAS e 1 Concelleiro/a do Concello

Órganos de Coordinación Docente:

- CCP: Director/a, Xefe/a de Estudos, coordinadores/as de ciclo, coordinadores do EDLG, Biblioteca, Actividades Complementarias e Extraescolares e TIC e o/a orientador/a
- DO: orientador/a, especialistas en PT e AL e o/a Xefe/a de Estudos
- Equipos de ciclo: coordinadores/as do 1º, 2º e 3º ciclo máis os/as mestres

da etapa e algúns especialistas (buscando equilibrio entre os equipos)

Nos equipos de EDLG, Biblioteca, TIC e ACEE búscase sempre un equilibrio entre todo o profesorado para que haxa un número similar entre eles.

8. RELACIÓN COS AXENTES EDUCATIVOS, SOCIAIS, ECONÓMICOS E CULTURAIS DO ENTORNO

Anualmente se fan reunións coa **EI Crespo Rivas** xa que somos o centro adscrito do seu alumnado e por outra banda tamén se fan reunións anuais co **IES Sánchez Cantón**, ao que está adscrito o noso alumnado.

Temos en conta as actividades ofertadas polo **Concello** que resultan interesantes (saídas ao Mercado Municipal, Roteiros, Salón do Libro, etc.); de **Afundación** (sede ABANCA) que se atopa cerca do colexio e **Escolas Deportivas Municipais**.

Actividades ofertadas pola **Deputación**: visita ao *Areiro de Lourizán* e a **ONCE**.

Sempre que sexa posible colaboramos coa **Residencia de Maiores de Campolongo** (Magosto, panxoliñas no Nadal, exposición da Camelia); coa **Asociación Juan XXIII** (Magosto, Día Internacional das Persoas Discapacitadas e Exposición da Camelia).

9. DOCUMENTOS QUE FORMAN PARTE DO PROXECTO EDUCATIVO

Documentos		Data aprobación Claustro	Data aprobación Consello Escolar	Data próxima revisión
PROXECTO EDUCATIVO		16.5.2023	16.5.2023	2026/2027
Documentos	Plan Xeneral de Atención á Diversidade	2021/2022		2025/2026
	Plan de Orientación	anual		
	Plan Acción Titorial	Cada nivel elabora o seu cada curso		
	Plan de convivencia	22.10.2019	22.10.2019	2023/2024
	Plan de igualdade	26.11.2019	26.11.2019	2023/2024

Proxecto Lingüístico	22.10.2019	22.10.2019	2023/2024
Plan Biblioteca	2019/2020		2023/2024
Proxecto Lector	13.5.2019		2023/2024
Plan de Formación e Dixitalización do profesorado.	8.11.2022 (PXA)	8.11.2022 (PXA)	
Plan Dixital	30.6.2022	30.6.2022	2026/2027
Plan ACE	anual		PXA
Plan Act. Físicas e Hábitos Saudables	anual		PXA
Plan Actuación ante Emerxencias ou ,de ser o caso, Plan Autoprotección	16.5.2023	16.5.2023	2026/2027
CONCRECIÓN CURRICULAR	13.10.2020	13.10.2020	2024/2025
NOFC	16.5.2023	16.5.2023	2026/2027
PROXECTO DE XESTIÓN			
PLAN DE MELLORA (anual)			

Toda a documentación estará dispoñible na páxina web do centro.

10. PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE CENTRO

O presente documento, **así como todos os que figuran na táboa anterior**, deben ser revisados cada 4 anos. En calquera caso, poderanse modificar sempre que as circunstancias o esixan.

Así mesmo, todos os plans/programas anteriores deberanse concretar anualmente na PXA.

En relación á avaliación do presente documento deberase elaborar unha temporalización a fin de introducir melloras no mesmo ao remate dos catro anos ou cando as circunstancias así o esixan.